



Orzamentos Xerais do Estado 2018; unha oportunidade

**¡ POLA RECUPERACIÓN DOS
DEREITOS E A DIGNIFICACIÓN
DO EMPREGO PÚBLICO !**

***SERVICIOS PUBLICOS**

***SOBERANÍA**

***DEMOCRACIA**

No proceso de tramitación dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, dende o Sector do Estado da CIG estamos a demandar a **RECUPERACIÓN DOS RECORTES:**

En materia retributiva:

- Incrementos salariais que permitan a recuperación do poder adquisitivo e a actualización da estrutura salarial nas pagas extraordinarias.
- Recuperación dos Fondos de Acción social.
- Restaurar o 100% do salario no caso de Incapacidade Temporal.
- Equiparación salarial do persoal da Administración do Estado coa media retributiva do persoal das Administracións Autonómicas con igual categoría profesional.
- Restablecemento dos acordos que permitan xornada de 35 horas.

Emprego público:

- Eliminación taxa de Reposición de efectivos e recuperación progresiva do emprego perdido; negociación dun programa específico para rexuvenecer cadros de persoal con xubilacións anticipadas e parciais e a incorporación de persoal de novo ingreso que os substitúa.
- Planos de **formación profesional** adecuados, vinculados ao sistemas de cualificacións profesionais e acordos coa implantación dos novos modelos de xestión, establecemento de itinerarios formativos axustados ao contido funcional de cada posto de traballo.
- **Establecemento de sistemas de** provisión de postos por concurso que respondan a criterios de igualdade, mérito e capacidade; implantación dun sistema de concurso aberto e permanente para o conxunto da Administración do Estado.

Mutualismo Administrativo e Seguridade Social:

- Dereito de opción do afiliado: Mutualismo ou Seguridade Social
- Implantación da Xubilación parcial para o persoal (laboral e funcionario) da Administración do Estado integrado no Réxime Xeral da Seguridade Social. Facilitar a xubilación parcial e anticipada por razón de actividade ou no caso de discapacidade.

Paralización das privatizacións e recuperación daqueles servizos que foron privatizados para volver a xestión pública.

En materia de igualdade: Demandamos a negociación dun novo Plano de Igualdade que inclúa medidas concretas, prazos de execución e métodos de avaliación; cando menos en materia de carreira profesional e provisión de postos, acoso sexual e por razón de sexo, desequilibrios de brecha salarial e conciliación familiar.

CONVENIO ÚNICO:

- Establecemento de criterios de provisión de postos de forma sucesiva (no simultánea): Reingreso, Traslados, Promoción, Ingreso Libre e outras formas de mobilidade.
- Establecemento de criterios para a funcionarización.
- Acceso efectivo do Persoal Laboral aos Servizos de Prevención.
- Establecemento dunha táboa salarial tomando como referencia un salario base de 1250 Euros para o grupo inferior
- Cláusula que garanta o mantemento das bases de cotización, así como do poder adquisitivo.
- Revisión e reestruturación do sistema retributivo complementar.
- Adaptación das Titulacións Académicas segundo o Sistema Nacional de Cualificacións.
- Adaptación dos Grupos Profesionais á normativa Europea (3 grupos).
- Eliminación do área funcional 1, permitindo a funcionarización deste persoal e a redución a dúas áreas.

PLAN DE PENSIÓNS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Demandamos a eliminación do modelo de retribución diferida establecido no EBEP, que vai en prexuízo do sistema público de previsión social e, unicamente, beneficia aos xestores dos fondos (BBVA CCOO e UGT), que obteñen uns beneficios medios anuais superiores aos 3.5 millóns de Euros, o que leva suposto máis de 50 millóns nos catorce anos de vixencia do Plan.

Por iso, dende a CIG propomos o establecemento de formulas legais para poder liberar os cartos que nos teñen secuestrados; dando a posibilidade de que cada partícipe poida dispor dos seus fondos para rescatalos ou derivalos a outro fondo que teña constituído noutra entidade financeira; así como unha xestión pública do fondo, asumida directamente pola Administración.

OS DEREITOS SE TEÑEN PORQUE SE CONQUISTAN E SE MANTEÑEN PORQUE SE DEFENDEN



***SERVIZOS PÚBLICOS**

***SOBERANÍA**

***DEMOCRACIA**